

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*EXTRACTO da Resolución do 27 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan e se convocan as subvencións do Programa de axudas económicas individuais para persoas residentes no exterior para o ano 2019 (código de procedemento PR925A).*

BDNS (Identif.): 435429.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

1. As persoas emigrantes galegas e os/as seus/súas fillos/as con dezaoito (18) anos feitos que posúan a condición de persoas galegas residentes no exterior, de acordo co establecido no parágrafo seguinte deste punto, e que o acrediten segundo o establecido no artigo 14.

Para os efectos da presente convocatoria, terán a condición de persoas galegas residentes no exterior aquelas persoas emigrantes que nacesen en Galicia ou ben acrediten ter residido en Galicia de forma continuada durante dez anos con nacionalidade española, así como tamén os/as seus/súas fillos/as con dezaoito (18) anos feitos que teñan nacionalidade española e que se encontren vinculados/as a calquera concello galego no censo electoral de residentes no exterior.

2. Os/as netos/as de persoas emigrantes galegas, con dezaoito (18) anos feitos, que teñan a condición de persoas galegas residentes no exterior, con nacionalidade española, que se encontren vinculados/as a calquera concello galego no censo electoral de residentes no exterior e que acrediten un ano de residencia continuada en Galicia.

3. No caso de falecemento das persoas indicadas nos números 1 e 2, poderán ser, por unha única vez, persoas beneficiarias das axudas previstas no artigo 5 o/a seu/súa



cónxuxe viúvo/a ou parella de feito ou relación análoga ou os/as fillos/as da persoa falecida, sempre e cando non transcorresen máis de quince meses desde o falecemento.

Segundo. *Obxecto*

O obxecto desta resolución é establecer un programa de axudas económicas individuais e de carácter extraordinario, non periódico e social, para o ano 2019, en réxime de concorrencia non competitiva, dirixido ás persoas emigrantes de nacionalidade española e de orixe galega, e a determinados familiares, residentes nos países do estranxeiro establecidos no artigo 3.2 da resolución, que se encontren en situación de precariedade económica. Están destinadas a cubrir as necesidades básicas de subsistencia e atención sociosanitaria.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 27 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan e se convocan as subvencións do Programa de axudas económicas individuais para persoas residentes no exterior para o ano 2019 (código de procedemento PR925A).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión das subvencións convocadas destinarase un crédito total de 2.600.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.480.0.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será de trinta (30) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2018

Antonio Rodríguez Miranda  
Secretario xeral da Emigración

